

# Observación

## SEGURA

### da eclipse

Edita:



# UNHA ECLIPSE TOTAL

12 de agosto de 2026

**ATENCIÓN!** NON MIRES DIRECTAMENTE AO SOL durante a parcialidade sen a protección ocular axeitada, para evitar danos permanentes na vista.

#### USO DE LENTES HOMOLOGADAS

- Debemos poñer as lentes primeiro e logo mirar ao Sol, non ao revés.
- De cada vez que observemos coas lentes, **non é recomendable facelo máis de 20 segundos seguidos.**
- Durante a totalidade, e exclusivamente nese tempo, podemos observar sen lentes e así ver a corona solar e as protuberancias.

#### Ligazóns de interese:

<https://theeclipse.app/es>

Aplicación web con información local detallada. Ideal para consultar horarios precisos en calquera lugar

<https://www.trioeclipses.es>

Páxina oficial con información sobre os tres próximos eclipses solares na península ibérica

<https://eclipse262728.es>

Páxina con información sobre os tres próximos eclipses solares na península ibérica

## Observación

## SEGURA

### da eclipse



**O uso de lentes de eclipse é obrigatoria**  
se miramos ao Sol  
durante a fase de parcialidade



Información e métodos de observación da eclipse


O 12 de agosto de 2026, a última hora da tarde, temos a posibilidade histórica de vivir un evento que non se produce en Galicia dende 1912 e que non se repetirá ata 2180.

Unha eclipse total de Sol é un fenómeno espectacular e abraiante que debemos disfrutar, pero sendo conscientes de onde, cando e como facelo.


1. Acude á zona de totalidade se é posible, a experiencia e moito máis atractiva que na zona de parcialidade.
2. Ten claro que na zona elixida non hai obstáculos no horizonte oeste, pois o Sol non estará moi alto.
3. Procura estar con tempo de marxe no lugar elixido.
4. Leva todo o necesario, pois posiblemente botes varias horas na zona de observación.
5. Infórmate con antelación e con fontes axeitadas do que vas ver e cando son os momentos clave.
6. Usa sistemas de observación segura cando mires directamente ao Sol na fase de parcialidade.
7. Exclusivamente no momento da totalidade podemos mirar sen protección ocular.

8. Goza da visión da paisaxe mentres o Sol vai sendo ocultado para ver os cambios no ambiente.
9. Respecta a natureza, non alteres o medio e deixa todo limpo antes de marchar do lugar de observación.

Mapa de franxa de totalidade e duración (fonte: IGN)



Parcialidade previa á totalidade



Parcialidade despois da totalidade

A órbita da Lúa está inclinada  $5.1^\circ$  con respecto á órbita da Terra entorno ao Sol, por iso só hai eclipses se a Lúa está aliñada co Sol vista dende a Terra e ademais no punto de corte de ambos planos